

Ramón Sánchez Rodríguez

INTRODUCCIÓN

A palabra *coeducación*, en sentido amplo, fai referéncia á educación conxunta de diversos colectivos humanos que son diferentes, por diversas causas, como poden ser, a étnia, a clase social, a cultura, o sexo etc.

Neste traballo, para concretar, referiremo-nos exclusivamente á “educación conxunta de dous colectivos humanos específicos: os homes e as mulleres” (1), sen discriminación de nengun sentido, ao longo do seu proceso educativo.

Desde esta perspectiva, a coeducación comprende unha realidade moito máis ampla que a simple “educación mixta”, porque non se conforma con educar conxuntamente a nenas e nenos, senón que pon o acento na igualdade educativa, de xeito que se superen os estereotipos sexuais e as expectativas educativas non teñan nada que ver coa elección de papeis diferenciados segundo o sexo das persoas.

É preciso aclarar que a lexislación vixente no Estado Español, suprimiu practicamente todas as desigualdades entre os homes e as mulleres. Sen embargo, os prezufos e as discriminacións no ámbito sócio-cultural e mesmo educativo, aínda tardarán tempo en seren suprimidas.

Un avance na superación destes atrancos, foi a implantación da “Escola mixta” desde o ano 1970. Deste xeito, nenas e nenos reciben unha mesma educación que, a simple vista, favorece a igualdade entre ambos os dous sexos. Sen embargo, como veremos, seguen existindo, explícita ou implícitamente, importantes diferéncias e discriminacións, en forma

1.- Ministerio de Educación y Ciencia. Secretaría de Estado de Educación. Plan para la Igualdad de Oportunidades para las Mujeres. *La Coeducación*. Madrid, 1990, p. 7.

de “estereotipos vixentes aínda na nosa sociedade, que asignan papeis, profesións e expectativas diferentes en función do sexo das persoas” (2).

O profesorado, en grande medida, debido á formación que recibeu, á forza do costume e aos modelos androcéntricos que configuran a Historia e a sociedade, aínda non é consciente desas desigualdades e, xa que logo, máis que corrixi-las, de algun xeito, contribúe a que a Escola siga fomentando “sesgos sexistas que deben ser superados por un modelo coeducativo” (3).

O sistema educativo non pode ignorar que certas carreiras de tipo técnico-científico, as consideradas máis prestixiosas e, por tanto, nas que existen maiores posibilidades profesionais e unhas remuneracións máis elevadas, o número de mulleres matriculadas é moi reducido.

No ámbito sócio-laboral, ocorre algo parecido. Os homes e mulleres que están en posesión de un título universitario, non disfrutan das mesmas oportunidades. Os varóns teñen máis posibilidades de encontrar traballo e o que é máis grave, o salario medio de homes e mulleres cun mesmo nivel de estudos, en moitos casos, é inferior por razón de sexo, tocando-lle a peor parte ás mulleres (4).

O NATURAL-BIOLÓXICO E O SOCIAL-CULTURAL

O natural-biolóxico

Evidentemente, a dimensión biolóxica das persoas é un feito diferenciador importante entre elas. Bioloxicamente, os homes e as mulleres son diferentes. Agora ben, ¿Esas diferencias, implican capacidades, aptitudes ou actitudes, comportamentos ou orientacións educativas diferentes? Está claro que desde o punto de vista da coeducación, a resposta é negativa.

As diferencias naturais ou biolóxicas, nunca poden ser usadas para a defensa de funcións ou actividades subordinadas de un sexo respecto de outro. Tradicionalmente, como é ben sabido, o sexo feminino ocupou unha posición secundaria en relación co sexo masculino.

Cando se fala de diferencias biolóxicas entre as persoas, utilízase normalmente o termo “sexo”, que designa “unhas características transhistóricas, estritamente biolóxicas” (5).

Pero cando se defenden desigualdades e xerarquización no trato que reciben as persoas, a partir da diferenciación sexual, está-se de cheo no ámbito do “sexismo”.

As manifestacións do sexismo poden ser moi amplas e diversas. A modo de exemplo, mencionamos algunhas:

- Cando no ámbito sócio-laboral, se distingue entre profesións exclusivamente femininas ou masculinas.

2.- Op. cit. p. 5.

3.- Op. cit. p. 5.

4.- Cf. op. cit. p. 15.

5.- Op. cit. p. 22.

- Cando se considera que a muller está en inferioridade de condicións para a realización de determinadas funcións, que tradicionalmente ocupaban os homes.

- Cando se distingue entre comportamentos femininos e masculinos, como exclusivos de cada sexo.

- Cando se usa o masculino como xenérico, ocultando ou minusvalorando a presenza das mulleres etc.

O sexismo, xa que logo, aínda que é máis negativo para as mulleres que para os homes, porque elas, ao longo da Historia, sempre ocuparon posicións inferiores, tamén implica negatividade para os homes, porque non lles permite unha serie de actividades que os poderían enriquecer persoal e socialmente. Sen embargo, como xa dixemos, os homes, xeralmente, soen saír beneficiados cando se moven en entornos sexistas.

O social-cultural.

Toda a vida social está cargada de normatividade. Os grupos sociais establecen e institucionalizan constantemente as regras do xogo social. Os distintos papeis sociais que as persoas poden desempeñar, son fenómenos normativos. As institucións sociais son “constelacións” de normas. Os “comportamentos debidos” nunha determinada sociedade obedecen a normas preestablecidas. Isto indica que a sociedade se controla ao través das normas vixentes nun momento determinado.

Desde o punto de vista da coeducación, cando unha sociedade determinada establece un conxunto de normas diferenciadas para cada sexo, de xeito que se atribuen capacidades, comportamentos ou personalidades⁶ distintas, por razón de sexo, dá-se-lle a denominación de “Xénero” (6).

Esas normas sociais varían de unha sociedade a outra e incluso, dentro de unha mesma sociedade, van-se elaborando segundo as necesidades que esa colectividade teña. Impoñen-se-nos desde que nacemos, polo tanto, através do proceso de socialización, imolas asumindo, de xeito que rexen os nosos comportamentos, as nosas aspiracións e as nosas maneiras de actuar.

Os “xéneros”, xa que logo, en grande medida, dependen das características de cada sociedade. Modifícan-se segundo a dinámica evolutiva de cada colectivo humano. Cando unha sociedade é aberta, igualitaria e respeitosa cos Dereitos humanos, as persoas non se senten discriminadas, nen por razón de “sexo”, nen por causa dos “xéneros”, xa que a súa dignidade, comportamentos, funcións e aptitudes, dependen exclusivamente das súas capacidades, dos seus desexos e das súas posibilidades.

Sen embargo, esta situación non é a máis xeralizada. Nos grupos sociais entre os que nos movemos, as actividades que cada persoa leva a cabo, case sempre están moi determinadas: o xénero masculino leva a cabo unhas funcións e o xénero feminino outras. Non porque teña que ser así, senón porque é o “habitual” nesa sociedade. Se se exclúe a función da reprodución entre as persoas, practicamente todas as demais actividades da vida, poden ser levadas a cabo, tanto por homes como por mulleres. As posibilidades das persoas, non poden estar limitadas nen polo sexo, nen polo xénero. Os seres humanos, teñen que realizar-se en igualdade de condicións, no traballo, na ciencia, na cultura, na política e na vida

6.- Op. cit. p. 21.

de todos os días. As distintas posicións entre os homes e mulleres, de existiren, só se poden basear nas diferentes capacidades de cada persoa.

Neste pequeno traballo, a modo de exemplo, vou presentar dous campos de reflexión, nos que é preciso facer un esforzo para superar as desigualdades existentes por razón de “sexo” ou “xénero”. Estou-me a referir ao ámbito da actividade escolar e ao uso sexista da linguaxe.

O SEXISMO NA ESCOLA

En España, debido ás modificacións educativas levadas a cabo pola “Ley General de Educación”, que xeraliza o mesmo curriculum para todas as persoas, sen diferencias, en principio, entre nenas e nenos, logro longamente reclamado polos diferentes movementos de Renovación Pedagóxica, sen embargo, a educación igualitária entre homes e mulleres, segue a estar hipotecada por unha ampla serie de atrancos que, de unha ou outra forma, imposibilitan a ausencia de discriminacións por razón de “sexo” ou “xénero”.

Evidentemente, isto non se leva a cabo de forma clara e manifesta, senón máis ben, de xeito indirecto e moitas veces incosciente. Estamos-nos a referir, como se pode imaxinar, ao denominado “curriculum oculto”, isto é, as orientacións, ideas, pautas e ideoloxías que, implícita e informalmente, por meio de mecanismos sutís, se transmiten na actividade docente, ao longo do proceso educativo.

Deste xeito, é moi frecuente que na escola se “oriente” ás nenas cara profesións “secundárias”, ou que se consideran máis “apropiadas” para nenas que para nenos, porque “se pensa” que as nenas están máis dotadas para unha serie de carreiras ou profesións consideradas femininas (mestras, enfermeiras, penteadoras etc.), o que leva consigo unha manifesta discriminación, porque se está dando a entender que a elección e as opcións máis prestixiadas socialmente, corresponden a modelos androcéntricos.

As consecuencias desta situación, a modo de exemplo, podemos-las ver nas seguintes situacións.

a) A muller no mundo do ensino.

Entre as persoas adicadas ao ensino, salientan, proporcionalmente as mulleres; sen embargo, a proporción de profesoras vai diminuindo a medida que sobe o escalafón e o prestíxio do nivel educativo. Hai moitas profesoras en E.X.B., pero moi poucas nas Escolas Técnicas Superiores. Nas especialidades técnico-científicas, a presenza de mulleres é considerabelmente inferior á dos homes. Os cargos directivos, na maioría dos casos, están ocupados por profesores. A causa desta situación non se debe a que non queiran promocionarse, ou a que non valgan para ocupar cargos, senón a que, desde nenas, se lles inculca unha actitude menos competitiva. Por outra parte, cando se lles plantexa o dilema de eleger entre as tarefas familiares e as profesionais, que levan consigo unha maior adicación ás funcións propias dun cargo de responsabilidade na institución educativa, normalmente optan pola actividade familiar, mentres que aos homes xa non se lles plantexa tal dilema, dado que en caso de dúbida, eles sempre elegerán a súa profesión e promoción, porque as cousas da casa, son específicas das mulleres (7).

7.- Cf. Centro de Investigación y Documentación Educativa: *La presencia de las mujeres en el sistema educativo*. Madrid, Instituto de la Mujer, Serie Estudios, nº 18, 1988.

Esta situación real, leva consigo efectos negativos, especialmente para as alunas, porque se van costumando, polos exemplos que ven, a considerar como algo normal que as mulleres ocupen posicións menos prestixiosas que os homes.

b) No ámbito da Ciencia e da Cultura.

A escola case non aporta nengunha contribución das mulleres á Ciencia e á Cultura. O campo científico, do que a muller foi tradicionalment afastada, consolidou o predomínio masculino, proporcionando á Ciencia un carácter fundamentalmente androcéntrico.

Só desde mediados deste século, a muller empeza a aparecer de forma cuantitativamente importante no mundo da ciencia e da cultura. De seguir esta progresión e, a pesar das dificultades que as mulleres teñen por estar en igualdade de condicións que os homes, á hora de desempeñar as funcións científicas e culturais, parece evidente que as súas aportacións profesionais e intelectuais, farán-se sentir no conxunto das disciplinas científicas e na sociedade en xeral.

Este feito, tamén leva consigo que os nenos podan poñer como exemplos a seguir os sábios, artistas, herois etc., mentres que as nenas non teñen, apenas, máis modelos que as santas e as raiñas. Cando nos libros salienta algunha muller, curiosamente, é porque levou a cabo algun acto considerado masculino, como, por exemplo, Xoana de Arco (8).

Esta identificación, tamén implica que a gama de oficios escollida polos nenos é máis ampla que a das nenas. Ademais, aprecian-se importantes diferéncias, á hora de eleger traballos similares. Por exemplo, en sanidade os nenos presentan-se como médicos ou veterinarios e as nenas como enfermeiras ou pediatras e nas oficinas os nenos traballan con ordenadores e as nenas con máquinas de escribir.

c) A Xerarquización de saberes.

No curriculum escolar, fai-se unha manifesta diferenciación entre materias “importantes” e “secundarias”. Considera-se importante para a vida que se estude matemáticas, historia, linguaxe etc., pero non se lle dá importancia a saberes como coidar un bebé, preparar unha comida, ou saber lavar a roupa, aspectos fundamentais da vida, pero como se asocian a funcións femininas, están desprestixiadas e ausentes dos contidos escolares.

Seria altamente importante e formativo, prestar maior atención ás cuestións básicas da vida cotidiana. O seu interese é indubidábel, dado que non poderíamos vivir sen elas.

Realmente, para modificar esta situación, sería necesario aunar esforzos por parte das diversas instancias implicadas no sistema educativo: a administración, o profesorado, a produción de material didáctico etc.

Este tipo de actuacións é necesario para mostrar que o mundo no que vivimos é unha realidade sexuada e que a experiencia dos homes e das mulleres non é a mesma. Deste xeito, ademais de poñer de manifesto as relacións que existen entre ambos os dous sexos e de ver como se construiu a identidade social de mulleres e homes; é dicir, o “xénero”, tamén contribuiremos ao aumento da dignificación de aquelas actividades que afectan a necesidades básicas, tanto dos homes como das mulleres, co fin de lograr un maior equilibrio no reparto das dependencias e das autonomías persoais (9).

8.- Cf. *La Coeducación*. pxs. 28-29.

9.- Op. cit. p. 29.

d) Os libros de texto e as leituras infantís.

Nos libros de texto e nas leituras infantís, tanto as expresións como as imaxes, con grande frecuencia, transmiten actitudes e tarefas diferenciadas por razón de sexo. Os modelos masculino e feminino, están maioritariamente a favor dos primeiros.

Segundo estudos levados a cabo (10), non todas as persoas que aparecen nos textos e ilustracións, teñen o mesmo protagonismo. De 977 personaxes analisados nunha serie de libros (11), que exercen o protagonismo principal, o 22% son femininos, mentres que o 78% son masculinos. Cando o protagonismo é compartido, dan-se algunhas variacións: 32% feminino e 67,7% masculino. Normalmente, a presenza feminina é fundamentalmente de protagonismo compartido.

Nas ilustracións ocorre algo parecido. Tendo en conta os tres ciclos do E.X.B., a nena, no primeiro ciclo, interpreta o 21,6% do protagonismo principal, pero desaparece case totalmente (2,9%) no terceiro ciclo. Son as persoas de sexo masculino as que se reparten ese protagonismo, sendo o neno o de maior peso no 1º ciclo, 44,8%, e o home adulto no terceiro ciclo, 69%.

Cando o protagonismo é compartido, a muller adulta aumenta algo a súa presenza 18,6%, 11,7% 19,8%, nos tres ciclos respectivamente. Entre ela e a nena enchen un tercio da escena (12).

En todos os cursos o número de homes coñecido é moito maior que o de mulleres, tanto no que se refere ao pasado como na actualidade. Os homes coñecidos polo alunado pertencen a esferas diversas, como deportes, política, música, teatro, literatura, ficción, banca, pintura, medicina. A imensa maioría das mulleres son cantantes e/ou actrices.

Como se ve, a muller case non existe ou existe como mero apéndice do home. Este é un dos grandes paradoxos da institución escolar que, de algun xeito, propaga o que tería que combater e, por suposto, dificulta os cambios nas relacións entre as mulleres e os homes, porque transmite unha realidade sesgada e terxiversada na que se sobredimensiona o que fixeron os homes e se infravalora ou esconde o que fixeron as mulleres (13).

e) A vida diaria na escola.

Na interacción escolar (14), está demostrado que profesores e profesoras, cando se dirixen ao alunado, fan-no de forma distinta, segundo se dirixan a nenas ou nenos. Normalmente, o profesorado, adica máis atención ao comportamento dos nenos, fai-lles máis preguntas, dá-lles máis indicacións para traballar, fai-lles máis críticas e reñe-lles máis. Ocorre isto porque, comunmente se admite que os nenos son máis inconstantes que as nenas, máis "vagos", máis conflitivos etc., de modo que é preciso estar máis pendentes deles. Todo isto leva como consecuencia que as nenas adopten actitudes de pasividade, que se consideren secundarias etc., dado que a elas tamén se lles fala menos. De feito, tanto nos espazos dos patios de recreo, como nas aulas, os nenos imponen os seus xogos e interveñen máis.

10.- Cf. Ministerio de Cultura. Instituto de la Mujer. *Modelos masculino y femenino en los textos de EGB*. Serie Estudios, nº 14, 1987.

11.- Op. cit. pxs. 174-175.

12.- Op. cit. pxs. 175-176.

13.- Cf. Ministerio de Asuntos Sociales. Instituto de la Mujer: *Del silencio a la palabra*. Serie Estudio, nº 32, p. 359, Madrid, 1992.

14.- Cf. *La Coeducación*. Pxs. 33 e ss.

Realmente, a competitividade, a agresividade, o desexo de destacar e ocupar os primeiros postos é algo moi valorado, tanto no ámbito social como dentro da escola. Estas características son propias dos triunfadores. Pola contra, as actitudes e os comportamentos vistos como propios das nenas e das mulleres, teñen pouco valor na escola e na sociedade.

Outro aspecto digno de mencionar, refere-se ás condutas conflitivas. Dentro da escola, está comunmente admitido, que os alumnos e as alunas deben comportar-se ben, aceptar a disciplina e a orde estabelecidas. Sen embargo, a docilidade e a sumisión, son vistas como algo carente de valor social. De aí que, cando os nenos “se portan mal”, é frecuente pensar que con iso demostran ter unha personalidade activa e forte e, xa que logo, valora-se positivamente, aínda que non se diga abertamente. Este último matiz é percibido polos nenos, aínda que aparentemente se lles diga que está mal e, consecuentemente, seguen a ter algun tipo de comportamento conflitivo.

Pola contra, cando unha nena ten un comportamento problemático ou conflitivo, este é moito menos tolerado que nun neno e recibe, frecuentemente, reprimendas e castigos máis duros. Esta diferente valoración para as nenas e os nenos, tamén se repite no referente á pulcritude no traballo, á curiosidade polas cousas, ao esforzo e á constancia etc.

Como se ve, moitas das cousas que fan os nenos son máis valoradas que as que fan as nenas, a pesar de que, en principio, estas cumpran mellor o que está mandado.

O SEXISMO NA LINGUAXE

A linguaxe oral e escrita, constitúe unha riqueza e un dos medios de comunicación máis importantes na vida das persoas.

Tendo en conta que a escola utiliza constantemente a linguaxe oral e escrita como vehículo de transmisión de saberes e normas sociais e incluso trata a lingua como obxecto de estudo e reflexión, é importante que se empece a modificar certos usos lingüísticos, para que non sexan discriminatórios.

A lingua é un espello da realidade, que reflecta a maneira de ser desa sociedade que a utiliza; é normal que recolla, de algun xeito, as desigualdades que se producen nesa mesma sociedade (15). Cando nela hai discriminación sexual, sen dúbida, que se manifesta na linguaxe. Se a sociedade é machista, o uso da lingua será sexista, como se pode apreciar en frases como “os nenos non choran”, ou “non sexas nena” etc.

Este uso sexista da linguaxe atopamo-lo en calquera manifestación da lingua, como por exemplo, na presenza abusiva do masculino, a ocultación sistemática do xénero feminino, ou no uso do falso xenérico. Os centros de ensino non son unha excepción a esta regra, xa que logo, non se debe esquecer que a lingua, en certa medida, estrutura a realidade no sentido de que condiciona e limita o pensamento, a imaxinación e o desenrolo social e cultural.

Na práctica educativa, usan-se con moita frecuencia, algunhas formas sexistas da linguaxe que supoñen unha exclusión sistemática das nenas. Efectivamente, o uso habitual do masculino para designar grupos que inclúen a persoas de ambos sexos, mesmo cando a maioría destas persoas son mulleres ou nenas, ou cando no grupo só hai un home.

15.- Cf. *Del silencio a la palabra*. Pxs. 358 e ss.

Neste caso, o uso de masculino, en realidade silencia a diferenza das nenas, ignorando a súa presenza e diluindo a identidade feminina (16).

Seria importante evitar o uso do masculino plural como se fose referido aos dous xéneros. Nestes casos, deberían-se utilizar ambos xéneros ou outras formas que representen mellor a idea de conxunto. Por exemplo:

<u>Non</u>	<u>Si</u>
Os nenos	Os nenos e as nenas / a infancia.
Os rapaces	Os rapaces e as rapazas / a adolescencia, a xuventude.
Os irmáns	As irmás e os irmáns.
Os profesores	As profesoras e os profesores / O profesorado.
Os alumnos	Os alumnos e as alunas / o alunado.
Os anciáns	Os anciáns e as anciás / persoas de idade / persoas maiores.
Os romanos, os españois, os cataláns, etc.	As romanas e os romanos; as españolas e os españois; as catalás e os cataláns; o pobo romano, español, catalán etc.

As formas sexistas da linguaxe, aínda que se están a modificar, tamén se poden ver cando se fala de profesións que habitualmente eran exercidas por homes: avogado, arquitecto, ministro etc. Só nos últimos anos se empezaron a utilizar termos como avogada, arquitecta, notaría ou ministra. Esta diferenza presupón un lugar subordinado para as mulleres e, por isto, debe ser eliminada.

Tradicionalmente utilizaron-se as palabras home e homes con un sentido universal, ocultando a presenza as aportacións e o protagonismo das mulleres.

É necesario substituír esas palabras por outras que non den preferencia ao xénero masculino sobre o feminino:

<u>Non</u>	<u>Si</u>
O home	Os homes e as mulleres / a humanidade
Os dereitos do home.	Os dereitos humanos / os dereitos das persoas.
Os dereitos do neno.	Os dereitos dos nenos e das nenas / os dereitos da infancia.
A intelixencia do home.	A intelixencia humana.
O traballo do home.	O traballo humano / O traballo de homes e mulleres.
O home da rua	A xente da rua.
Á medida do home	Á medida humana / da humanidade / do ser humano.

A lingua debe ser un sistema aberto no que se vaian introducindo as modificacións necesarias para satisfacer as necesidades das persoas que a utilizan en cada momento, sen

16.- Cf. Ministerio de Asuntos Sociales. Instituto de la Mujer: *Propuestas para evitar el sexismo en el lenguaje*. Serie Folletos, Madrid, 1989.

esquecer que a língua vai sempre a remolque das estruturas sociais. Con frecuencia, a superestrutura mental e lingüística é un freo para a realidade. A língua arrastra moita inercia e resistencia ao cambio. Sen embargo, como persoas adicadas ao ensino e formación de novas xeracións de seres humanos, debemos incidir, aínda que parcialmente, cunha actuación firme nos centros de ensino, nas institucións, nos medios de comunicación etc., para ir superando, de forma decidida, esa enorme cantidade de atrancos que favorecen o uso discriminatório da linguaxe.

CONCLUSION

Unha escola coeducativa, debe estar aberta ao cambio e conseguir que nenos e nenas sexan tratados coa mesma atención e co mesmo protagonismo. Debe axudar a que mulleres e homes teñan as mesmas posibilidades de traballo e as mesmas oportunidades de promoción; que os valores atribuídos tradicionalmente a homes e mulleres sexan considerados igualmente importantes e transmitidos a rapaces e rapazas, porque son de todos, pertencen ao patrimonio cultural da sociedade e son necesarios para a vida das persoas.

Nestes momentos nos que o modelo educativo se encontra en revisión, temos a oportunidade de definir como obxectivo fundamental o desenvolvemento integral do ser humano, mediante unha ensinanza igualitaria que supere a dicotomía feminino e masculino, tanto nas pautas de conduta como nos papeis e actividades sociais.

O sistema educativo actualmente vixente, aínda colabora á formación e fixación da imaxe que de si mesmo ten o individuo en función do seu sexo (arquetipos masculino e feminino), ben nas pautas de conduta que deben adoptar para que a sociedade os aceite como homes e mulleres, ben na valoración social de cada sexo e en aquilo que a sociedade espera deles (17). Esas mensaxes subliminais contribúen a formar a identificación social das mulleres, de xeito que se consideren cidadás de segunda categoría, predispoñendo-as a asumir resignadamente o seu papel, fomentando o conformismo e a sumisión ao varón, mentres que o alumno vai adoptando un sentimento de superioridade sobre as mulleres, aprende a ocultar a debilidade, o afecto e a sensibilidade, ao mesmo tempo que desenvola unha personalidade competitiva e ambiciosa.

Para logramos unha educación igualitaria, será preciso que os educadores e as educadoras, coideemos as mensaxes que proxectamos no alumnado a través da linguaxe, do trato e dos materiais curriculares. De aí que sexa tan importante non contribuir a reforzar actitudes e comportamentos sexistas, así como erradicar prexuízos ou preconceitos que o alumnado asimila no seu entorno.

17.- Cf. *Del silencio a la palabra*. Pxs. 168 e ss.

BIBLIOGRAFIA RECOMENDADA

- ALBERDI, I. E MARTINEZ TEN, L. *Guía Didáctica para una orientación no sexista*. Ministerio de Educación y Ciencia. Serie Coeducación. Madrid, 1988.
- APPLE, Michael W. *Maestros y textos: Una economía de las relaciones de clase y de sexo en educación*. Temas de Educación PAIDOS/M.E.C. Coeditan: Centro de Publicaciones del M.E.C. y Ediciones Paidós Ibérica, S.A., Madrid, 1989.
- BROWNE, N. E FRANCE, P. *Hacia una educación infantil no sexista*. Morata e Centro de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia, Madrid, 1988.
- CUADERNOS DE PEDAGOGÍA. "Sexismo en el aula". Junio-1989, nº 171.
- MINISTERIO DE ASUNTOS SOCIALES. Instituto de la Mujer. *La Educación no sexista en la Reforma Educativa*. Serie Cuadernos de Educación no sexista. Nº 1, Madrid, 1992.
- MINISTERIO DE CULTURA. Centro Nacional de Investigación y Documentación Educativa. Instituto de la Mujer. *La presencia de las mujeres en el sistema educativo*. Serie Estudios, nº 18, Madrid, 1988.
- SUBIRATS, Marina; BRULLET, Cristina. *Rosa y Azul. La transmisión de los géneros en la escuela mixta*. Ministerio de Cultura. Serie Estudios, nº 19, Madrid, 1988.
- SUBIRATS, Marina; TOMÉ, Amparo. *La educación de niños y niñas. Recomendaciones institucionales y marco legal*. Cuadernos para la Coeducación. Institut de Ciències de L'Educació, Universitat Autònoma de Barcelona. 1992.
- SUBIRATS, Marina; TOMÉ, Amparo. *Pautas de observación para el análisis del sexismo en el ámbito educativo*. Cuadernos para la Coeducación. Institut de Ciències de L'Educació, Universitat Autònoma de Barcelona, 1992.